

Pondal inmortalizou as campás de San Fins de Anllóns

A igrexa de San Fins de Anllóns é de estilo barroco, aínda que a súa orixe é románica. Da primitiva construción conserva a súa sinxela portada con capiteis corintios, os canzorriños que terman do aleiro lateral, o pavimento do adro e o presbiterio que gorece un retablo barroco.

Tamén é barroca a espadana que acolle as sonadas campás de Anllóns. A estas campás referíase o poeta de Bergantiños no seu poema máis coñecido “A campana d’Anllóns”, publicado en galego en 1862, un poema que suspira pola patria perdida.

¡E ti, campana d’Anllóns,
Que, tristemente tocando,
derramas nos corazóns
un bálsamo doce e brando
de pasadas ilusións!


Alá, nos pasados ventos,
primeiros da miña vida,
ouzo os teus vagos concertos,
reló dos tristes momentos
da miña patria querida.

¡Cantas veces te lembrou
o que marchou para a guerra,
cando a súa nai deixou,
e partindo a extraña terra
de Baneira t’escuitou!



■ *Compuxo o poema sendo moi novo, ao escoitar o tanguido do Angelus ao caer a tardiña.*

■ *Retrato de Pondal, por Mariano Bordoy*



As mensaxes das campás escoitábanse en toda a parroquia

Durante séculos o tanxer das campás escoitouse nas agras anunciando os acontecementos relixiosos (misa, Angelus, defunto...) e sociais (festas, traballos comunitarios...). As campás tamén axudaron a apagar os lumes, convocando os veciños co toque a rebato.

■ *Novas campás. A campá que inspirou a Pondal foi esnaquizada por un lóstrego a finais do XIX.*



Escoitando estas campás, o río Anllóns e os queixumes dos pinos tamén sentimos Ponteceso